

Fax:

CIF:



Teléf.: 981 714 000
981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O 2 DE XULLO DE 2021

Sendo ás 10:05 horas do día 2 de xullo de 2021, baixo a Presidencia da Sra. Noelia Varela Suárez (por delegación do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido), reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SRA. PRESIDENTA

D^a. M^a. Noelia Varela Suárez

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D^a María Teresa Chouciño Calvete

Non adscritos

D. Miguel Ángel González Gómez.

D. Faustino Santiago Lema

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D^a. Raquel Fondo Pérez

D^a. Ana Pérez Imia

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

SECRETARIA : D^a María Cristina Varela García (en réxime de acumulación de funcións)

A sesión extraordinaria ven motivada polo cumprimento do requirimento recibido do Xulgado Contencioso Administrativo n.º 3 da Coruña, de data 25-06-2021, para o persoamento no P.O. 145/2021, no prazo de nove días.

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión. A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- PERSONAMENTO DO CONCELLO DE PONTECESO NO P.O 145/2021, DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº3 E PROPOSTA DE DEFENSA XURÍDICA QUE PRESENTEN OS SEÑORES/AS CONCELLEIROS/AS

De orde da Sra. Presidenta, a secretaria en réxime de acumulación procede a dar lectura ao ditame da comisión informativa que tivo lugar o 30-06-2021, que se transcribe literalmente:

“DITAME

COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DO 30-06-2021

1.- PERSONAMENTO DO CONCELLO DE PONTECESO NO P.O 145/2021, DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº3 E PROPOSTA DE DEFENSA XURÍDICA QUE PRESENTEN OS SEÑORES/AS CONCELLEIROS/AS

Dáse conta do Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de A Coruña, de data 18-06-2021,

Recibido rexistro de entrada núm. 20210000001060, do 25-06-2021, relativo ao personamento e defensa xurídica no P.O. 145/2021, os concelleiros/as dos G.M. de PP e APIN-SON e os non adscritos/as propoñemos aos seguintes profesionais para que se encarguen da defensa xurídica do Concello de Ponteceso, no referido P.O. 145/2021 perante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 de A Coruña:

-Procuradora: Miriam López Moreno, colexiada 356 do Ilustre Colexio de Procuradores de A Coruña.

-Avogado: Alejandro López Sánchez, colexiado 4523 do Ilustre Colexio de Avogados de A Coruña.

Antes de someter a votación a proposta, de conformidade co previsto no artigo 21 do ROF a presidenta, ao ter interés directo, abandona a sesión e sométese a votación:

Sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), D^a. Marta Carrillo Aguiar (PP), D. José Manuel Pose Verdes (APIN-SON) e os concelleiros non adscritos D. Faustino Santiago Lema, D. Miguel Angel González Gómez, D^a. Raquel Fondo Pérez e D^a. Ana Pérez Imia.

Votos en contra: --

Abstencións: --

Neste intre entra no Salón de Plenos a presidenta, e á vista da votación, declara ditaminada a proposta.

Polo que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais ditamina favorablemente a proposta de acordo.

A presidenta

O secretario acctal.

Asdo.. Noelia María Varela Suárez

Asdo.: Emilio Caínzos Quintás”

A presidenta indica que se vai proceder á votación.

Varios concelleiros preguntan se non vai haber debate.

A presidenta dá paso ao debate.

A Sra. Fondo Pérez pide que se lle explique aos veciños porque non está o alcalde presente na sesión.

A presidenta considera que ese asunto non é o que se trata hoxe no pleno.

A Sra. Fondo Pérez alega que sí é un asunto que lles interesa aos veciños, porque deberían saber porque o alcalde nin estivo presente na comisión nin está hoxe no pleno.

A secretaria pide a palabra e explica que no expediente hai un decreto de delegación da presidencia, tanto para a comisión informativa como para o pleno, e que por tanto o seu contido xa é coñecido polos concelleiros.

O Sr. Santiago Lema di que se acaban de cruzar co alcalde e quere saber porque non lle explica aos veciños os motivos da súa ausencia hoxe na sesión.

A presidenta sinala que o propio alcalde dará as explicacións oportunas, na vindeira sesión ordinaria ou cando o considere.

A Sra. Pérez Imia pregunta á presidenta como é que non sabe onde vai o seu compañeiro de partido "barra alcalde".

O Sr. Santiago Lema lembra que o outro día o alcalde marchou do debate para que os veciños non viran...

A presidenta pide aos concelleiros que se atengan ao punto da orde do día, se non pasarase á votación.

O Sr. Santiago Lema considera que o alcalde non está dando a cara diante dos veciños.

Falan varios concelleiros e concelleiras ao mesmo tempo.

A presidenta pregunta á secretaria se pode dar paso á votación e abandonar a sala de sesións, por causa de abstención.

A secretaria asente.

A Sra. presidenta e a Sra. Chouciño Calvete abandonan a sala de sesións con motivo da votación, ao ter interese directo no asunto.

A Sra. Fondo Pérez pregunta á secretaria como pode a presidenta dar paso ao debate e marchar acto seguido.

A secretaria en acumulación explica que quen modera o debate e a presidencia, e pode someter a votación e abandonar a sesión por causa de abstención.

O Sr. Santiago Lema pregunta que é isto, como pode ser que non estea o alcalde, que marche a que queda no sitio... Considera que aquí ninguén dá a cara diante dos veciños cando hai un problema de verdade.

A Sra. Pérez Imia explica á secretaria que o outro día na comisión dixéronlles que era un proceso que xa ía ligado a outra denuncia que fixera o alcalde, e resulta que agora puxo outro recurso contra un acordo do pleno, pero non teñen constancia do seu contido, e van propoñer aos mesmos avogado e procuradora. O secretario accidental dixo que esto tiña relación co proceso anterior, pero realmente non o saben. Xa se fixo un pleno hai quince días para un persoamento.

A secretaria en acumulación sinala que non pode dar explicacións ao respecto porque na comisión non estivo presente, pero no expediente hai un oficio do Xulgado no que se indica que o dos señores García Carballido, Varela Suárez e Chouciño Calvete é contra a desestimación dun recurso de reposición contra o acordo plenario de 21-12-2020 polo que se eliminan os cargos con dedicación exclusiva e parcial aprobados o 01-07-2019.

O Sr. Pose Verdes comeza dicindo que non está Intervención no pleno pero sí é necesario facer unha retención de crédito para adoptar este acordo, e non saben quen o ten que facer, porque da outra vez armouse un "zipizape" que ninguén sabe nada. Entende que eles terán que escoller o avogado e despois todo o procedemento administrativo terá que facelo quen lle corresponda, non eles. Considera que debe estar claro que este é un procedemento do alcalde contra o concello, non contra eles. Esa parte quedou difuminada o outro día. Queren que quede claro que eles non presentaron ningunha denuncia nin están denunciados. No último pleno o alcalde falaba que había que mirar se había cartos ou non, pero ese problema non é deles, os cartos terán que buscalos. Califica de triste levar dous plenos sen alcalde, hoxe tamén sen secretario nin interventora, só lles falta facer un só cos policías municipais.

A secretaria en acumulación indica que vai constar en acta todo o que está comentando, pero pola súa parte non pode dar máis explicacións das que xa dou.

A Sra. Carrillo Aguiar considera que deberían dar as explicacións aos veciños de porque desta vez non pode asesoralos a Deputación da Coruña, en vez de abandonar o debate. Porque denuncian ao pleno se é "todopoderoso", porque non se acude á Deputación agora e no anterior sí, para

deixar claro que quen lle fai gasto os veciños non é a oposición, senón o goberno. Considera vergonzosa a situación e unha imaxe da democracia que hai en Ponteceeso.

O Sr. Santiago Lema pregunta á secretaria se os avogados da Deputación podería defender ao concello neste pleno.

A secretaria en acumulación entende que sí, e explica que a asistencia a municipios réxese por un regulamento, e poderán negarse pero por falta de medios ou...

O Sr. Santiago Lema non entende porque agora non pode defendelos Deputación e antes sí. Pide que se recolla en acta.

O Sr. Pose Verdes pregunta que están facendo agora, se un debate non é, se é legal ou vale para algo.

A secretaria en acumulación manifesta que é un pleno que se está celebrando con tódalas garantías, pero neste intre o que sucede é que a presidenta e outra concelleira están ausentes da votación por abstención.

O Sr. Santiago Lema di que cando hai que aclarar as cousas diante dos veciños o alcalde marcha e quen queda no sitio marcha tamén, para non dar explicacións a ninguén. Considera un desprezo aos veciños non falar dos problemas do concello.

A Sra. Carrillo Aguiar quere deixar constancia que a presidenta despois de dicir que se abría o debate, de malas maneiras marchou e cortou o asunto. Xa se ve a democracia que hai e a falta de respecto que ten aos veciños e aos seus representantes. Para eso que non abra xa o debate.

A Sra. Fondo Pérez di que ten que verse que os cartos que eran para o Plan de Emprego quérenos eles de volta para os seus petos.

A Sra. Carrillo Aguiar di que por este recurso que hai que nomear avogado son cartos que saen de todos os veciños, incluídos os concelleiros, que tamén pagan os seus impostos no municipio. Teñen que explicar porque están denunciando ao propio concello, porque hai máis onde meter os cartos que en denuncias.

O Sr. Santiago Lema di que o soldo dos políticos, que dixo o alcalde que o seu soldo ía para o Plan de Emprego, despois cesou a outros políticos e dixo o mesmo, e os chavales do Plan de Emprego sen contratar, que podían estar traballando todo o ano, porque os núcleos están sen limpar e dan vergonza. Pero quen tiña que presidir lárgase para non dar explicacións, despois xa o alcalde pon a súa señora a despoticar no Facebook. A pregunta é porque non están contratados os chavales para limpar co soldo dos políticos.

A Sra. Varela Suárez abre a porta da sala de sesións e pregunta se rematou a votación.

A secretaria di que non e pide que voten, se lles parece oportuno, porque o debate carece de sentido en ausencia de interlocutor.

A Sra. Carrillo Aguiar pregunta se votan ou se debate.

A Sra. presidenta lembra que deixou claro que o debate tiña que ser sobre o asunto que se trata, non sobre calquera cousa.

A Sra. Carrillo Aguiar di que estaban debatindo e a presidenta marchou.

A Sra. presidenta aclara que ella saíu para que houbera votación. Pregunta se a vai haber, entón ella sae de novo. Non ten problema en debatir pero sobre este tema.

Falan varios concelleiros ao mesmo tempo.

O Sr. Santiago Lema pide que non se amenace, que o que se vai falar é por interese dos veciños, como o Plan social. Pregunta porque eses rapaces non poden estar traballando todo o ano, porque os políticos non van cobrar ata 2023. Pídelle a presidenta que o deixe rematar e despois fala ela. Ten que explicar onde van os cartos das concellerías todas, que eran destinados ao Plan de emprego social para limpar silveiras. Os soldos son anuais e esa xente podía estar contratada todo o ano.

A Sra. presidenta explica que non están contratados porque a oposición votou en contra dun Plan social...

O Sr. Santiago Lema di que era co soldo dos políticos.

A Sra. presidenta pide que respecte o seu turno de palabra, tamén ella o deixou falar. Ese persoal estivo seis meses con cargo aos salarios do goberno, e eses salarios non dan para pagar 12 meses a 10 persoas.

O Sr. Santiago Lema di que o alcalde cobra 4.000 euros, como non vai dar para contratar.

A secretaria en acumulación pide a palabra para lembrar que están nunha sesión extraordinaria cun único punto da orde do día, está moi ben o que se está falando pero para fiscalizar a acción

de goberno están os plenos ordinarios, nun extraordinario deberían cingirse ao punto que se está tratando.

O Sr. Pose Verdes di que o problema é que levan moito tempo sen que se lles escoite, sen deixalos falar, as preguntas non se contestan, as mocións van ao xulgado... Co cal nun momento en que poden "esbardallar", fano. Están falando de cousas moi serias, porque acaba de dicir que o soldo dun político non chega para unha persoa, cando son 200.000 euros ao ano, entre salarios e seguridade social, e eso dá para moitos traballadores, non conte máis películas.

A Sra. presidenta di que os traballadores estiveron seis meses contratados, había opción a telos outros seis meses máis e a oposición renunciou a eses cartos.

O Sr. Santiago Lema di que eso é o POS, non ten nada que ver cos soldos dos políticos.

A Sra. Carrillo Aguiar di que o Plan de emprego era outra cousa, e o seu alcalde estivo alardeando de que ían ter a xente contratada non sei canto tempo. Non veñan agora dicindo que foi todo o POS, porque non é certo.

Falan varios concelleiros ao mesmo tempo.

A Sra. presidenta somete a votación o punto.

A Sra. Pérez Imia pide unha última intervención.

A Sra. presidenta dille que non e abandona a sala de sesións, xunto coa Sra. Chouciño Calvete.

A Sra. Pérez Imia di que non hai democracia.

A secretaria en acumulación pide por favor que se vote, porque o debate está pechado.

O Sr. Santiago Lema dille que ten razón, que ela non ten a culpa.

Sométese a votación o ditame da comisión, co seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), D^a. Marta Carrillo Aguiar (PP), D. José Manuel Pose Verdes (APIN-SON) e os concelleiros non adscritos D. Faustino Santiago Lema, D. Miguel Angel González Gómez, D. Salvador Eiroa Ameijenda, D^a. Raquel Fondo Pérez e D^a. Ana Pérez Imia.

Votos en contra: --

Abstencións: --

Neste intre entra no Salón de Plenos a presidenta, e á vista da votación, declara aprobado o ditame.

Polo que o Pleno da Corporación aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 10 horas e 25 minutos do día seguinte ao día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria , asinandoa xunto coa Sra. Presidenta.

A Presidenta

A secretaria en acumulación

Noelia Varela Suárez

M.^a Cristina Varela García